



---

## GRUPO MUNICIPAL DE TEO

### MOCIÓN SOBRE O SERVIZO DE COMUNICACIÓNS E TV POR CABLE NA URBANIZACIÓN DOS TILOS

---

A finais do ano 2000, na urbanización dos Tilos, a empresa R de telecomunicacións levou adiante as obras necesarias para a canalización soterrada e rexistro da rede de fibra óptica.

Este servizo considerábase necesario por unha boa parte dos veciños e supuña un paso importante tanto no acceso da cidadanía ás novas tecnoloxías como na ruptura dos monopolios e a ampliación da oferta e da libre competencia no eido das telecomunicacións. Este pleno municipal mesmo se preocupou pola necesidade evidente de que este servizo se prestara a toda a urbanización e non só a unha parte dela, como ocorrira por aquel tempo coa rede do gas.

Sen embargo, tres anos despois e realizada a infraestrutura básica (incluso coas molestias que as obras para estas supuxeron), o servizo segue sen estar dispoñible. Recoñecendo que non é estritamente unha competencia municipal, o BNG considera que o Concello si pode xogar un importante papel dinamizador e de interlocución que posibilite a máis rápida solución dos problemas que puideran existir.

En consecuencia, o GRUPO MUNICIPAL DO BNG PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1. Que a Alcaldía, en representación do conxunto da Corporación, realice as xestións necesarias coa empresa ou coas institucións que puideran estar afectadas, co obxecto de que no prazo máis breve de tempo o conxunto da urbanización dos Tilos poida disfrutar do acceso a internet e á telefonía mediante a fibra óptica (instalada dende hai máis de tres anos)
2. Que se aproveite esta ocasión para negociar e propiciar a extensión da fibra óptica ao conxunto do territorio do Concello, prioritariamente a ampla zona urbana creada nos últimos anos na zona de Montouto-Cacheiras.

En Teo, a 26 de marzo de 2004

Asdo.: Rafael Sisto Edreira  
Portavoz Municipal suplente do BNG

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO